



A Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 25 de xuño de 2018, á vista das avaliacións achegadas polas Comisións de Farmacia e Terapéutica do Complexo Universitario de Pontevedra, Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, Complexo Hospitalario Universitario de Vigo e Hospital Universitario Lucus Augusti **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

MACITENTAN

só en casos de unha **NECESIDADE EXCEPCIONAL** non cuberta por Bosentan e Ambrisentan, no tratamento a longo prazo da hipertensión arterial pulmonar en pacientes adultos de clase funcional II-III, xa que a evidencia científica dispoñible non permitiu identificar vantaxes en termos de eficacia e seguridade fronte a estes medicamentos.

Bosentan segue constituíndo a primeira liña de tratamento, e Ambrisentan quedaría como alternativa en situacións que impidan a utilización do primeiro.

A eficiencia do tratamento inicial da hipertensión arterial pulmonar en clase funcional II-III podería ser mellorada comenzando o tratamento con Sildenafil, e engadindo o Bosentan no caso de progresión da enfermidade.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2018

O presidente da Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica

Jorge Aboal Viñas



Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde

